

CCR/Ra/Ms/Ca

Data Rexistro: 25/09/2025 10:04:35
Nº Rexistro: 2025001034

SAIDA

MINUTA

Na sesión extraordinaria, en substitución da ordinaria de agosto, do Pleno da Corporación Provincial, do día 12 de setembro de 2025, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Ana Laura Iglesias González:

20.8489.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Preguntas. Ten a palabra por parte do Grupo Socialista, Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Grazas, Presidente. Teño un rogo e unha pregunta. Vou principar polo rogo, un rogo que lle fago a vostede persoalmente Sr. Presidente porque xa fixemos algunha pregunta noutro momento, e vemos que non cambia. Entonces gustárame rogarlle que recapacitara vostede á hora de levar este pleno adiante e o fixera dunha maneira máis axeitada á hora de darlle o turno de palabra e o tempo ós diferentes grupos que conformamos esta Deputación. Porque, bueno, o que acaba de acontecer hoxe neste pleno dándolle vostede por petición propia do voceiro do Partido Popular, un minuto máis de intervención cando era claramente de tres minutos a súa intervención e cortando a miña en canto chegou o minuto 0. Non é moi democrático que se diga porque o reglamento estipula exactamente cal é o tempo de intervención de cada un de nós. Eu nunca protesto cando se pasan 10-15 segundos cando se pasa medio minuto, si que protesto. Vostede sabe perfectamente que ten a potestade de vostede falar cando lle considere i por iso eu lle fago ese rogo...

Sr. Presidente.- Mire, isto viña precedido xa, entendido o rogo...

Sra. Iglesias González.- Vale, estou falando do rogo que non teño límite por iso lle pido este rogo que por favor volvamos a calidade democrática que merece esta Deputación de Pontevedra. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Vostede na segunda intervención tiña tres minutos e ¿sabe canto se pasou? Un minuto e catorce segundos, no terceiro si, si, así que oe que haxa este tipo de apreciacións o respecto pero non ten razón. A pregunta por favor.

Sra. Iglesias González.- Si, grazas. Lle formulo a pregunta. A pregunta é a seguinte: ¿Considera o Presidente da Deputación de Pontevedra que o que está a suceder en Palestina é un xenocidio?

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a Ana Laura Iglesias González.- Presidencia.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno) (por correo electrónico).- Secretario.- Central.-

Pleno extraordinario 12-setembro-2025

1

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ****0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/09/2025 10:42



Pregunta efectuada pola voceira do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión extraordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 12 de setembro de 2025:

PREGUNTA:

¿Considera o Presidente da Deputación de Pontevedra que o que está a suceder en Palestina é un xenocidio?

RESPOSTA:

Mostramos a nosa máxima solidariedade e empatía coas vítimas do conflito de Gaza, e condenamos toda vulneración dos dereitos humanos. Así mesmo, apoiamos calquera intento da comunidade internacional encamiñada a conseguir a paz e unha solución definitiva ao conflito

Asinado dixitalmente.

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/09/2025 10:08

